

## BIBLIOTECA ACCESIBLE

---

Esta é unha iniciativa froito do convenio asinado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de red.es, e a Xunta de Galicia, cofinanciado con fondos FEDER, que persegue reforzar con novo equipamento aos centros públicos con acceso a Internet para mellorar a accesibilidade das persoas con minusvalidez á Sociedade da Información.

## EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

Grazas a iso, a Biblioteca pon a disposición dos/-as seus/súas usuarios/-as 2 postos de consulta con ordenadores adaptados para que as persoas con minusvalidez visual, auditiva, cognitiva ou motora poidan acceder á Internet.

Atoparás estes postos na:

Sala de Consulta (2ª planta)

Sala Web da Rede CeMIT (1ª planta)

Máis información en [TIC TAC adapta](#)

## OUTRAS ACTIVIDADES

Contacontos en linguaxe de signos

Representados por Miguel e Blanca, persoal da [FAXG](#) (Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia), teñen lugar un sábado ao mes.

O seu obxectivo é ensinar a linguaxe de signos dun xeito divertido e ameno.

Están dirixidos a nenos e nenas de máis de 3 anos e celébranse na Sala infantil e xuvenil da Biblioteca

Para máis información sobre datas e horarios, [contacta con nós](#).



---

<https://bibliotecas.xunta.gal/coruna/gl/servizos/biblioteca-accesible>